

BOLSAS COLABORACIÓN - CURSO 2025/2026

Resolución do 2 de xuño de 2025 da Secretaría de Estado de Educación (BOE do 6 de xuño de 2025)

Nesta información realízase un pequeno resumo da convocatoria publicada no BOE.

A quen van dirixidas estas bolsas?

Alumnado do último curso de estudos de Grao e de primeiro curso de Máster universitario oficial.

Prazo de solicitude:

O prazo de solicitude remata o 16 de setembro, e antes desa data os/as solicitantes deben ter valorado o proxecto polo departamento e subido á web do ministerio xunto coa solicitude, pasadas todas as cualificacións no seu expediente e matriculadas no curso 2025/2026 a totalidade das materias que lle resten para rematar a titulación de Grao, e no caso de Máster Oficial matriculadas a totalidade das materias do primeiro curso.

Requisitos académicos:

O cumprimento de todos estes requisitos académicos **ten que constar no expediente académico do/a alumno/a o 16 de setembro:**

- Para estudantes de Grao: non estar en posesión ou en disposición legal de obter un título académico de Licenciado/a, Enxeñeiro/a, Arquitecto/a, Graduado/a ou Máster Oficial.
- Para os estudos de Grao, estar cursando os últimos créditos para obter o título e ter superados o 75% dos créditos da titulación.
- Para estudantes de primeiro curso de Máster Oficial: non estar en posesión ou en disposición legal de obter un título académico de Máster Oficial ou Doutor.
- Ter a seguinte nota media: 7,25 estudos da rama de Enxeñería e Arquitectura ou Ensinanzas Técnicas; 7,70 para os das ramas de Ciencias e Ciencias Sociais e Xurídicas; 7,80 para Ciencias da Saúde ; 8,00 para Artes e Humanidades.
- Nos supostos de estudantes de dobre grao, só se terán en conta os créditos e cualificacións correspondentes á titulación pola que opte á bolsa de colaboración.
- Para os alumnos de primeiro curso de Máster Oficial a nota media será a da titulación que lle dá acceso ao Máster, incluíndo primeiro e segundo ciclo. Para solicitar a bolsa para Máster é preciso estar en posesión do título que lles dea acceso ao Máster.
- Para o cálculo da nota media tomarase a cualificación na escala de 0-10. No caso de que non figure a cualificación numérica computarase segundo o seguinte baremo: Matrícula de Honra: 10 puntos; Sobresaiñte: 9 puntos; Notable: 7,5 puntos; Aprobado: 5,5 puntos.
- Non se terán en conta para o cálculo da nota media as materias ou créditos que, segundo o plano de estudos, só poidan cualificarse con apto nin o recoñecemento de créditos nos que non haxa cualificación. No caso de materias ou créditos validados ou adaptados sen especificar a cualificación será a de aprobado (5,5).

- A valoración das cualificacións será ponderada en función do número de créditos dos que conste cada materia. Na convocatoria figura a fórmula para o cálculo da nota media.
- Para os estudos de Grao, matricularse no curso 2025/2026 da totalidade das materias ou créditos que lle reste ao alumnado para finalizar os seus estudos. No caso dos estudos de Máster Oficial, matricularse da totalidade dos créditos de primeiro curso.

Documentación

- Proxecto de colaboración avaliado polo Consello de departamento, cubrindo o **ANEXO Proxecto de Colaboración (2025-2026)**.

O **Anexo** deberá ser debidamente **cumprimentado** polo/a solicitante, titor/a e o/a secretario/a do departamento e escaneado ou fotografado, **antes de cubrir o formulario da solicitude** para achegalo electrónicamente en formato PDF.

- O alumnado que realizara o primeiro ciclo **fóra da Universidade de Santiago de Compostela** achegará escaneada ou fotografada, en formato PDF, **certificación académica** persoal na que figuren todas as materias matriculadas e as súas cualificacións.

Requisitos do proxecto de colaboración:

- Presentarase avaliado polo Consello de Departamento, coa solicitude, antes do 16 de setembro, **polo que é recomendable que o alumnado o presente no departamento antes do 11 de setembro**.
- **O proxecto de colaboración debe ser presentado debidamente cumprimentado e asinado dentro do prazo de presentación de solicitudes.** A **falta de presentación do proxecto nas condicións descritas** na convocatoria **dentro do prazo de presentación de solicitudes** será causa de **desestimación** da bolsa.
- Versará sobre algunha das materias de formación básica ou obrigatorias para a obtención da titulación que estea facendo. Describirá, detalladamente, as funcións que se realizarán durante a colaboración, así como o réxime de traballo e horario que deberá cumprir o/a bolseiro/a. Formará parte dalgunha das liñas de investigación desenvoltas no departamento.
- Avaliado e puntuado **polo Consello de Departamento** ata un máximo de 4 puntos. Para esta valoración terase en conta: o contido innovador e a aplicabilidade do traballo que vai desenvolver, tanto no propio departamento como fóra deste, así como a posible continuidade en futuros proxectos de investigación e a introdución das novas tecnoloxías nos métodos de traballo.

Número de bolsas

- O número de bolsas concedidas á Universidade de Santiago de Compostela son **84**.
- Ao abeiro do establecido pola propia convocatoria foron repartidas provisoriamente polo Consello Social da Universidade, tal e como se indica no anexo *Reparto inicial*.
- No caso de que non se cubran as **84** prazas adxudicadas no reparto inicial, procederase a continuar o reparto como se indica no anexo *Lista de prelación e lista de agarda*.
- Os criterios para o reparto, foron establecidos polo pleno do Consello Social: ver anexo *Criterios de reparto*.

Instrucións para cumprimentar o formulario.

- O nome do departamento debe corresponder co que figura no anexo Reparto inicial ou no anexo Lista de prelación e lista de agarda.

Solicitude

Os/as alumnos/as deberán cubrir o formulario na sede electrónica do Ministerio na dirección:

<https://sede.educacion.gob.es>, en *Buscar trámites* > (*Texto: colaboración*; ☒ *Abierto* ; *Buscar*) > *Becas de colaboración* > *Acceso* > *Acceso como interesado* > *Acceso al trámite*

Unha vez cumprimentado correctamente o formulario, seguir as instrucións para adxuntar telemáticamente a documentación, e presentar on-line a solicitude pasando por todas as pantallas: *Gestión de documentos electrónicos requeridos* > *Opciones* > *Elegir Fichero* > *Firmar y Presentar solicitud* > *Descargar Justificante de Presentación de solicitud*

Imprimir “*Resguardo de presentación*” para verificar que realizou correctamente todo o proceso. Estado correcto da solicitude: presentada.

O alumnado que acceda ao formulario de solicitude con certificado dixital poderá (opcional) pasar tamén pola pantalla de *Registro telemático o electrónico*, asinar e imprimir o “*Justificante de registro*”. Estado correcto da solicitude: registrada.

No caso de facer máis dunha solicitude terá validez únicamente a última realizada.

Dotación da bolsa :

A contía da axuda será de 2.000 € e sen dereito á gratuidade dos prezos públicos por servizos académicos.

Compatibilidade da bolsa

Pódese disfrutar nun único curso académico e por unha soa vez. Só é compatible coas bolsas de carácter xeral convocadas para o curso 2025/2026 polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes. Poderá solicitarse a compatibilidade con premios ou axudas que se concedan exclusivamente en atención á discapacidade ou ao rendemento académico. É **incompatible** coa percepción económica de prácticas ou actividades de investigación que se realicen no mesmo departamento que o proxecto de investigación.

Obrigas dos/as bolseiros/as

- Acreditar o cumprimento dos requisitos e condicións para a concesión desta axuda.
- Someterse ás actuacións de comprobación precisas de ser o caso.

- Seguir, durante 2025/2026, por ensino oficial, os estudos dos que se atopen matriculados/as.
- Presentar un proxecto de colaboración desenvolvendo algunha das liñas de investigación en curso no departamento para o que solicita. O proxecto describirá de forma expresa as tarefas que se realizarán e o impacto formativo complementario que terá nalgunha das competencias asociadas ás materias de formación básica ou obrigatorias da titulación que cursa. Estará avaliado polo grupo investigador receptor ou o departamento onde o desenvolva.
- Prestar a colaboración de 3 horas diarias durante sete meses e medio dende a data de incorporación segundo o réxime de traballo e horario previsto no proxecto de colaboración.
- A colaboración non poderá concluír con posterioridade ao 31 de xullo de 2026, salvo as excepcións contempladas na convocatoria.
- Presentar no mes seguinte ao da finalización da colaboración a certificación acreditativa do Departamento de ter prestado a súa colaboración nos termos previstos na convocatoria.